

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA CUALE 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA
CURSO: CUALE
MATERIA: PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: MAIO 2020

ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Obxectivos xerais, competencias e contidos imprescindibles.....	4
3. Avaliación e cualificación.....	8
4. Metodoloxía e actividades durante a ensinanza non presencial (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	9
5. Información e publicidade.....	10

1. Introducción

Debido á situación de emerxencia de saúde pública que estamos a vivir causada pola COVID-19, a cal supuxo a suspensión da actividade lectiva presencial e a docencia tal e como a coñecíamos desde o 13 de marzo de 2020, o departamento didáctico de Inglés vese na obriga de facer un reaxuste da programación didáctica proposta e aprobada ao principio do presente curso académico para adaptala a esta nova situación, na que a docencia farase a distancia ata que as autoridades sanitarias o consideren necesario.

Esta adaptación da programación faise seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que veñen a concretar a Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada pola COVID-19.

Segundo esta liña, as actividades lectivas do terceiro trimestre para o CUALE A1 centraranse nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado en función do curso. Polo tanto, desenvolveremos actividades de recuperación, repaso e reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias como se detalla nesta adaptación. Pola contra, non se fará adaptación para o CUALE A2, xa que, como nivel de certificación e, de acordo coas instrucións dadas, avaliarase segundo os principios e criterios establecidos no Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficiais e, polo tanto, seguirá o currículo recollido no Decreto 81/2018, do 19 de xullo, xa establecido e descrito na programación ordinaria para este curso académico.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 10	CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA CURSO: CUALE MATERIA: INGLÉS
--	-------------------	---

**2. Obxectivos xerais, competencias e contidos imprescindibles para
CUALE A1**

Obxectivos xerais	Contidos e competencias
<p>1. Comprender gran parte da información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan moi boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.</p> <p>2. Producir e coproducir textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiáns e predicibles, e desenvolverse de forma xeralmente comprensible, aínda que sexan moi evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.</p> <p>3. Comprender gran parte do sentido global e localizar gran parte da información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.</p>	<p>I- Socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións de vida cotiá. - Relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares. - Vida cotiá: distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer, etc. - Recoñecer e familiarizarse con fórmulas e expresións básicas relativas á vida diaria e convencións sociais. - Condicións de vida (vivenda, transporte, etc.) <p>II- Estratéxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ensañar o texto oral ou escrito, mediante a repetición de modelos de textos. - Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. - Adecuar o texto á persoa destinataria, contexto e canle. - Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve. - Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas. - Valorar a consecución dos obxectivos propostos. - Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolve-la. - Distinguir o tipo de comprensión (xeral, específica, etc.) - Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos. - Planificar a estrutura básica do texto. - Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua. - Deducir o significado de palabras e frases a partir do contexto. - Efectuar, de forma básica as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. - Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros. - Aproveitar os coñecementos previos.

4. Producir e coproducir textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e con moi limitados recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.

5. Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se intentan producir intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.

- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e non lingüísticos.

III- Funcionais

- Usos sociais da lingua: Saudar e despedirse.
- Presentarse ou presentar a alguén.
- Agradecer.
- Control da comunicación: Solicitalle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión.
- Pedir e dar información sobre datos persoais, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.
- Manifestar comprensión e incompreensión.
- Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.
- Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Expresar intereses, preferencias e gustos.
- Expresar sensacións físicas e sentimentos.
- Afirmar e negar algo.
- Mostrar acordo e satisfacción.
- Pedir axuda, obxectos e servizos.
- Convidar e reaccionar adecuadamente.
- Indicar posesión
- Pedir desculpas
- Referirse a accións cotiás presentes.
- Petición de instrucións e suxestións.
- Indicar onde e cando ocorre algo.

IV- Discursivos

- Formularios
- Conversas cara a cara
- Listaxes
- Cartas de restaurante e menús
- Correspondencia persoal e formal.
- Conversas telefónicas moi sinxelas.
- Notas e mensaxes.
- Folletos informativos e publicitarios.

V- Sintácticos

- O verbo. Formas máis usuais para a expresión de presente do verbo “to be”.
 - A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa.
 - Partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común.
 - O nome e o artigo.
 - O demostrativo.
 - Os cuantificadores.
 - Os indefinidos máis frecuentes.
 - O posesivo
 - O verbo. Formas usuais para a expresión do presente e do pasado. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións.
 - Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos.
 - O adverbio. Formas máis comúns de expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección.
 - O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais.
 - O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e número.
 - As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente.
- VI- Léxicos**
- Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, etc.
 - Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas, etc.
 - Países e xentilicios
 - Números cardinais e ordinais
 - Días da semana
 - Viaxes: vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe.
 - Ciencia e tecnoloxía.
 - Compras e actividades comerciais.
 - Actividades cotiás: hábitos e horarios.
 - Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía.
 - Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses.
 - Traballo e profesións: Actividades profesionais máis habituais.
 - Información e medios de comunicación: noticias e reportaxes sinxelas.
 - Vivenda e fogar e contorna: partes da casa, mobiliario básico.

VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos

- O alfabeto
- Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos
- O ritmo. Regras básicas de acentuación.
- Usos básicos de maiúsculas e minúsculas.
- estrutura silábica.
- Ortografía do vocabulario máis usual.
- Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes.
- Correspondencia entre grafías e fonemas.
- O acento. Regras básicas de acentuación.
- A entoación.
- Recoñecemento e produción dos tons.
- Ortografía e pronuncia dos verbos regulares e irregulares.

3. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Probas específicas, observación sistemática, producións orais e escritas, cuestionarios, revisión de tarefas, entrevistas, diálogos, simulacións, postas en común.</p>
	<p>Instrumentos: Probas escritas obxectiva (proba de progreso), cuestionarios, rúbricas, listas de control, rexistro anecdótico, caderno, escalas de estimación, informes e monografías, caderno, probas.</p>
Cualificación final	<p>A adquisición das aprendizaxes dos obxectivos xerais e das competencias e contidos imprescindibles nas actividades lingüísticas traballadas darán lugar á cualificación <i>promociona/non promociona</i>. Esta poderá acadarse a través de algunha ou todas estas posibilidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cualificación obtida na proba parcial de progreso. • Avaliación holística do cumprimento dos obxectivos xerais e da adquisición das competencias imprescindibles. • A aplicación das grellas de avaliación do nivel adaptadas ás competencias e obxectivos traballados ata febreiro. <p>No caso do alumnado que teña obtido avaliación positiva nas probas de febreiro, as valoracións das actividades realizadas telemáticamente durante o estado de alarma teranse en conta exclusivamente para aumentar a cualificación, en aplicación ao establecido no punto 10.6 das instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020.</p>

Proba extraordinaria de setembro	<p>Se a situación sanitaria o permite, a proba extraordinaria de setembro realizarase de forma presencial. De non ser o caso, farase unha proba de forma telemática. En calquera dos casos, basearase nos obxectivos, competencias e contidos básicos recollidos nesta adaptación.</p>
---	--

4. Metodoloxía e actividades durante a docencia no presencial (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades propostas para este período son variadas e diversas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión escrita (textos de diferente tipoloxía con cuestionarios V/F, resposta múltiple, resposta aberta, etc.) nas que o alumnado ten que demostrar o seu grao de comprensión. - Produción e coprodución escritas (produción de textos escritos de distintos tipos e complexidades e diferentes propósitos comunicativos e formatos a partir de modelos dados). - Comprensión oral (de conversas, presentacións, cancións, películas, anuncios, etc. reais ou adaptadas ao nivel); - Produción e Coprodución orais (na medida do posible ofrecerase ao alumnado a posibilidade de facer as súas aportacións orais, pero de forma voluntaria, tendo en conta a situación) - Uso da lingua (o alumnado tamén terá que realizar actividades centradas no uso correcto e contextualizado da gramática e o vocabulario). <p>As actividades propostas son variadas e de distintos graos de dificultade para que todos os alumnos e alumnas podan acceder aos mesmos contidos empregando as súas diferentes habilidades, capacidades e competencias.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía que seguimos durante este trimestre ten moito que ver coa que empregamos habitualmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Aproveitamento e optimización dos recursos</u> que os alumnos e alumnas teñen á súa disposición. Hoxe en día atopamos infinitas posibilidades online e nos medios audiovisuais en xeral - <u>Familiarización coa lingua</u>: expoñendo ao alumnado a distintas situacións comunicativas na lingua inglesa e potenciando o seu uso. - <u>Aprendizaxe significativo</u>: A lingua forma parte dun contexto cun obxectivo comunicativo concreto. <p>Para que todo isto suceda. A aprendizaxe da lingua pasa por varias fases que, si ben non poden ser exactamente como na aula, pódense reproducir a distancia:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. <u>Presentación</u> dun tema, punto lingüístico, etc. de forma motivadora (a través dun vídeo principalmente). 2. <u>Traballo</u> sobre ese tema, punto, etc.: a través de actividades ou tarefas, a través das cales adquirimos as destrezas e contidos necesarios. 3. <u>Realización dalgún tipo de produción e/ou coprodución</u> (principalmente escrita) que amose o grao de logro dese(s) estándar(es) e competencias que estamos a traballar. <p>Esta sucesión a tratamos de reproducir coas tarefas propostas a través da aula virtual do noso centro. Ademáis ofrecemos unha canle</p>

	<p>aberta ao noso alumnado para tratar posibles dúbidas e temos unha titoría virtual todas as semanas a través do correo electrónico, a aplicación Webex e/ou Hangouts.</p> <p>Temos a sorte de non contar con alumnado sen conectividade no noso centro. Ao principio houbo algún alumno/a con certos problemas e proporcionóuselle material a través do concello e do centro mentres non se lle puido dar solución.</p>
Materiais e recursos	<p>Para que o proceso de ensinanza-aprendizaxe teña lugar neste trimestre, contamos con materias e recursos variados:</p> <p><u>Recursos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Persoais: alumnado, profesoras da materia, equipo docente, equipo directivo e as familias. - Materiais: ordenador, tableta, teléfono móbil e fixo, impresora, libros impresos, etc. <p><u>Materiais:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Impresos: libros de texto, caderno, fichas, dicionarios. - Audiovisuais: Vídeos, cancións, audios, cuestionarios, xogos interactivos, etc. reais ou adaptados, formando parte do material didáctico específico do curso e doutras fontes, como páxinas web diversas (youtube, iscollective, ESL Video, ELLO, esl-lab, etc.).

5. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O alumnado e as familias serán informados a través de diferentes medios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mensaxe de Tokapp (dirección) - Correo electrónico (profesorado) - Videoconferencia (profesorado) - Páxina web e Aula virtual do centro (administrador e profesorado)
Publicidade	As adaptacións serán publicadas na páxina web do centro.